

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 25 DE NOVEMBRO DE 2016

2.- Proposta da alcaldía relativa ao nomeamento dos representantes do concello de Santiago na comisión de seguimento e coordinación do programa de vivendas baleiras. Apróbase a proposta.

3 a 73.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre bens inmobles, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, e no lixo. Apróbase a proposta.

74.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á denegación de exención no imposto sobre bens inmobles ao CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. Apróbase a proposta.

75.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa a rectificación de erro no punto nº 6 da Xunta de Goberno de data 29.7.16. (TXX/863/2016). Apróbase a proposta.

76.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á concesión de exencións na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos. Apróbase a proposta.

77.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa a dar conta da sinatura do convenio entre o concello de Santiago de Compostela e a Federación Galega de Atletismo para o desenvolvemento da 3ª edición da proba atlética denominada "MEDIASAN DO CAMIÑO". Dase conta da aprobación do convenio, que supón unha achega do Concello de 10.000 euros.

78.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á aprobación dos criterios xerais empregados na cesión de uso das instalacións deportivas municipais para a tempada 2016/17. Dase conta da aprobación dos criterios xerais á hora de establecer a programación de uso estable para a tempada 2016-2017 dos equipamentos deportivos municipais.

79.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa a dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o concello de Santiago de Compostela e a Cámara de Comercio para actividades de fomento da cultura emprendedora e mellora empresarial. Dase conta do convenio, que supón unha achega do Concello de 9.000 euros.

80.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo dando conta da sinatura do convenio entre o concello de Santiago e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) para levar a cabo un proxecto de actividades para persoas con discapacidade na anualidade 2016. Dase conta da aprobación do convenio, que supón unha achega do Concello de 15.000 euros.

82.- Dar conta de informes do director da Asesoría Xurídica relativos a sentenzas xudiciais. Dase conta

URXENCIAS

1.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á autorización de diversas actuacións pola empresa adxudicataria do mantemento de alumado público, instalacións eléctricas dos locais municipais e instalación do alumado ornamental dos monumentos de Santiago. Autorízase a realización, pola empresa Ferrovia, das seguintes actuacións:

- _Modernización da iluminación pública nos soportais de Área Central: 17.102,56 euros
- _Supresión das lámpadas de vapor de mercurio de 50 e 80 watos do alumado público municipal: 41.171,81 euros
- _Traslado e ampliacións de puntos de luz no parque Pablo Iglesias: 4.056,17 euros

2.-Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo dando conta da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e a mercantil Mercado de Abastos de Santiago, Sociedade Cooperativa Galega. Dase conta do convenio, que supón unha achega de 10.000 euros.

3.-Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde, relativa á aprobación da resolución definitiva da convocatoria de concesión de bolsas de comedor, adquisición de material escolar e actividades extraescolares para o alumnado dos centros públicos e concertados de educación infantil (2º ciclo) e de educación primaria obrigatoria para o curso 2016-2017. Apróbase a resolución definitiva da convocatoria, de conformidade coa acta da Comisión de Avaliación das solicitudes. O gasto total para o curso 2016-2017 ascende a 334.660,02 euros, dos que 129.913,42 euros corresponden ao período comprendido entre setembro e decembro de 2016, e 204.746,60 euros ao período de xaneiro a xuño de 2017.

4.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á prórroga do contrato do servizo de conserxería e limpeza de varias instalacións deportivas municipais. Acórdase prorrogar o contrato coa empresa Lacera Servicios y Mantenimiento S.A, polo prazo de cinco meses a contar desde o 1 de decembro de 2016 ata o 30 de abril de 2017. A anualidade de 2016 será de 38.293,21 euros, e a de 2017 de 153.172,84 euros

5.-Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á prórroga do contrato de prestación integral dos servizos de conserxería e limpeza nas dependencias municipais deportivas de Conxo. Acórdase prorrogar o contrato asinado coa empresa Arines Obras y Proyectos S.L, polo prazo de dous meses a contar desde o 29 de novembro de 2016 ata o 28 de xaneiro de 2017. A anualidade de 2016 será de 5.678,93 euros, e a de 2017 de 4.969,07 euros.

6.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á posta en marcha das obras incluídas no proxecto de adecuación do vertido da EDAR de Silvouta, fase III. Acórdase:

_Dispoñer a efectiva posta en marcha das obras incluídas no proxecto de adecuación do vertido da EDAR de Silvouta, Fase III, executadas pola sociedade estatal ACUAES e integradas na instalación principal, e encomendarlle a súa explotación á empresa Viaqua no marco do contrato de xestión do servizo público suscrito con ela. Transcorridos tres meses desde o inicio da entrada en funcionamento desas instalacións, a empresa Viaqua presentará un estudo real dos custos de explotación para a súa verificación e aprobación polo Concello, no marco do control económico da concesión no período que vai da súa prórroga ata a actualidade.

_Que se inicie a contratación dos traballos de auditoría financeira e de control económico do contrato de concesión, en cumprimento do sinalado polos informes de Intervención e da Asesoría Xurídica.

_Que se elabore unha análise detallada da situación de concesión, consonte ao recomendado pola Asesoría Xurídica

_Déixase pendente de aprobación a Addenda nº 1 do citado convenio con Acuaes, co obxectivo de aclarar a contía final das achegas das partes asinantes.

_Iniciar o expediente de habilitación do crédito necesario para financiar a achega municipal pendente de pago por un importe de 428.914 euros, con carácter cautelar, sen prexuízo da aclaración á que se aludiu no apartado anterior.

7.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á adxudicación do contrato de repavimentación do entorno do parque de Santa Susana. Acórdase a adxudicación do contrato a favor da empresa F.Gómez y CIA S.L, por un importe de 72.994 euros, máis IVE de 15.328,74 euros.

8.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural e Equilibrio Territorial relativa á adxudicación das obras do proxecto de ampliación da rede de abastecemento en Sionlla de Abaixo, incluído na 4ª fase do Plan de Acción Social. Acórdase adxudicar o contrato a favor da empresa Espina y Delfín SL, por un importe de 24.446,90 euros, máis IVE de 5.138,05 euros.

9.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural relativa á adxudicación do contrato das obras do proxecto de modernización das instalacións do alumeadado público en Busto, Figueiras, A Gracia e outras, incluído na 4ª fase do Plan de Acción Social. Acórdase adxudicar o contrato a favor da empresa Espina y Delfín S.L, por un importe de 54.733,11 euros, máis IVE de 11.493,95 euros.

10.- Proposta da alcaldía relativa á adxudicación das instalacións eléctricas temporais para alumeados festivos das rúas, prazas e espazos públicos da cidade histórica e do Ensanche e das parroquias de Santiago de Compostela durante as festas de Nadal 2016. Adxudícase o contrato a favor da empresa Iluminaciones Artísticas Salnés S.L, por un importe de 37.500 euros, máis IVE de 7.875 euros, ao ser a oferta máis vantaxosa das presentadas. A empresa compromete un incremento do número de elementos a instalar por importe de 16.460 euros (IVE aparte), debendo verificarse en fase de execución tanto o seu cumprimento efectivo como o seu axuste á valoración económica realizada.

11.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural relativa á adxudicación das obras do proxecto de remodelación do trazado da curva viaria M-8, Son de Abaixo-Ponte Alvar en Marzo de Arriba, 17, incluído na 4ª fase do Plan de Acción Social. Acórdase adxudicar o contrato a favor da empresa Excavaciones Cernadas Valiña S.L, por un importe de 31.184,60 euros, máis IVE de 6.548,77 euros.

12.- Proposta da alcaldía relativa ao nomeamento de representante na Fundación Gonzalo Torrente Ballester. Apróbase a proposta.

13.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade, relativa á aprobación inicial da modificación puntual do Plan Especial de protección e rehabilitación da cidade histórica (PE-1) para limitar os aloxamentos de carácter temporal no seu tecido empresarial. Acórdase aprobar inicialmente a modificación puntual do Plan Especial para limitar os aloxamentos de carácter temporal no seu tecido residencial, e someter o expediente a información pública durante o prazo de dous meses. O acordo publicarase no Diario Oficial de Galicia e, de xeito simultáneo, notificarase individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados. O acordo de aprobación inicial determina automaticamente a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas para a autorización de novos establecementos hoteleiros, aloxamentos e vivendas turísticas, e actividades de residencial comunitario (non universitario) durante un prazo máximo de dous anos e ata a aprobación definitiva do planeamento.